

O demo no corpo



RAYMOND RADIGUET

O demo no corpo

Tradución de Samuel Solleiro



Irmás Cartoné, 2016

Título orixinal: *Le diable au corps*

Tradución: Samuel Solleiro

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-2-4

Dep. Legal: C-2036-2016



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, o tradutor e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

Arríscome a que me reprochen moitas cousas. Pero que lle vou facer? É culpa miña facer doce anos uns meses antes da declaración da guerra? Madría leva, os problemas que me trouxo ese extraordinario período foron dunha clase que nunca se experimenta a esas idades; pero como, contra o que pode parecer, non existe nada no mundo que nos volva maduros de vez, tiveron que vivir como neno unha aventura na que mesmo un home pasaría apuros. Non fun o único. Os meus compañeiros de clase han conservar desa época un recordo diferente ao dos seus irmáns maiores. Os que me condenan deberían facer por imaxinar o que foi a guerra para tantos rapaces: catro anos seguidos de vacacións.

Viviamos en F..., á beira do Marne.

Meus pais reprobaban a amizade entre nenos e nenas. Por mor diso, a sensualidade coa que todos nacemos, e que se manifesta antes de termos uso de razón, foi a máis e non a menos.

Nunca fun un soñador. O que a outros, máis inocentes, lles parecían soños, eran para min tan reais como é o

Raymond Radiguet

queixo para o gato, malia a campá de cristal que o cobre. Pero a campá existe.

Se a campá rompe, o gato aproveita a oportunidade, e tanto lle ten que lle rompese ao seu dono e que cortase as mans.

Até os doce anos poucos amoríos lembro, agás cunha rapaza chamada Carmen, á que lle mandei, por un neno máis novo ca min, unha carta na que lle declaraba o meu amor. E usaba ese amor como escusa para lle pedir unha cita. A carta entregáranlla pola mañá, antes de ir á escola. Reparara na única nena que tiña algo en común comigo, porque andaba limpa e ía á escola acompañada dunha cativa, coma min co meu irmán pequeno. Para que esas dúas testemuñas calasen a boca, eu argallara unha especie de casamento entre eles. Así que xuntara á miña carta outra de parte de meu irmán, que non sabía escribir, para a señorita Fauvette. Expliqueille a meu irmán o meu proceder e a sorte que tiñamos de atopar dúas irmás da nosa idade e cuns nomes de pía tan excepcionais. Comprobei con tristeza que non me trabucara sobre a finura de Carmen cando, despois de xantar cos meus pais, que tanto me consentían e que nunca me berraban, volvíñ á clase.

Non ben os meus compañeiros sentaron nos pupitres (eu anicado ao fondo da aula, procuraba nun armario, na miña calidade de primeiro da clase, os libros para a lectura en voz alta), entrou o director. Os alumnos puxéronse de pé. Levaba unha carta na man. Dobráronseme as pernas, os libros caeron e recollinos mentres o director falaba co mestre. Os alumnos das filas de diante xa empezaban a mirar para min, todo vermello ao fondo da aula, porque oían murmurar o

O demo no corpo

meu nome. Por fin o director chamoume e, para me castigar finamente e sen espertar sospeitas, pensaba el, entre os meus compañeiros, felicitoume por escribir unha carta de doce liñas sen ningunha falta. Preguntoume se a escribira eu só e pediume que o acompañase ao seu despacho. Non chegamos a ir. Reprendeume no patio, á chuvia. O que máis trastornou o meu sentido da moral foi que consideraba igual de grave que puxese nun compromiso a rapaza (os seus pais fixéranlle saber a miña declaración) e que roubase unha folla de papel de cartas. Ameazoume con mandar a nota á miña casa. Eu supliqueille que non fixese tal cousa. Cedeu, pero díxome que gardaba a carta e que, á primeira reincidencia, non ía poder seguir ocultando a miña mala conduta.

A miña mestura de descarado e timidez desconcertaba e despistaba os meus, da mesma maneira que a miña docilidade na escola, que en realidade era preguiza, facía que todos me tivesen por bo alumno.

Volvín para a clase. O profesor, irónico, chamoume Don Juan. A min fíxome moitísima ilusión, sobre todo que citase o título dunha obra que eu coñecía e os meus compañeiros non. O seu «bo día, Don Juan» e o meu sorriso cómplice transformaron a miña posición na clase. Talvez xa todos soubesen que lle encargara a un neno da clase dos pequenos que lle levase unha carta a unha «moza», como se di na crúa linguaxe dos escolares. O neno chamábase Messenger, mensaxeiro; non o escollera por se chamar así, pero é certo que o nome me inspirara confianza.

Á unha suplicáralle ao director que non lle contase nada ao meu pai. Ás catro devecía por llo contar todo. Nada me obrigaba a facelo. Confesaría en nome da honestidade.

Como sabía que meu pai non se había enfadar, sentíame, máis que nada, orgulloso de que coñecese a miña fazaña.

De modo que confesei, e engadíñ con arrogancia que o director me prometera absoluta discreción (como se fose unha persoa maior). A meu pai dáballe que esa historia de amor ben podía ser un invento meu. Foi falar co director. Durante a visita mencionou, como quen non quere a cousa, o que pensaba que era unha brincadeira.

—Como? —dixo o director, sorprendido e molesto—. Contoullo? Pero se me suplicou que non dixese nada porque vostede o mataría.

A mentira coa que o director se escusaba fixo crecer a miña vaidade masculina. Gañei de inmediato a estima dos meus compañeiros e as chiscadelas do mestre. O director agochaba o seu rancor. O coitado ignoraba algo que eu xa sabía: meu pai, molesto pola súa conduta, decidira deixarme acabar o curso e despois sacarme daquela escola. Eran os primeiros días de xuño. Miña nai non quería que todo aquilo afectase aos meus premios e coroas, e fixo por non mencionalo até despois da entrega. Chegado o día, grazas a unha inxustiza do director, que de puro desconcerto temía as consecuencias da súa mentira, fun o único da clase que recibiu a coroa de ouro que estaba reservada ao galardoado co premio á excelencia. Errou o cálculo: a escola perdeu os seus dous mellores alumnos, pois o pai do galardoado co premio á excelencia tamén retirou o seu fillo.

Os alumnos coma nós eramos engados para atraer outros.

Miña nai pensaba que eu era demasiado novo para ir ao instituto Henri IV. Noutras palabras: demasiado novo para coller o tren. Fiquei dous anos na casa traballando só.

Aquilo prometía diversión sen límites porque, como daba feito en catro horas o traballo que aos meus antigos condiscípulos lles levaba dous días, tiña máis da metade do día libre. Paseaba só pola beira do Marne, que era até tal punto o noso río que miñas irmás se referían ao Sena como «un Marne». Montaba mesmo na barca de meu pai, aínda que mo tiña prohibido, pero non chegaba a remar, e non quería admitir que non era por medo a desobedecelo, senón por medo a secas. Deitábame na barca e lía. Entre 1913 e 1914 dei conta alí de douscentos libros, e non precisamente libros ruíns: eran dos mellores, se non polas ideas, si polo mérito. Bastante máis tarde, á idade á que os adolescentes desprezan os libros da Biblioteca rosa, acabeille collendo o gusto ao seu encanto infantil, mentres que naquela época non os lería por nada no mundo.

A desvantaxe deses momentos de lecer alternados co traballo era que transformaban todo o ano nunhas falsas vacacións. Así, o meu traballo do día a día era pouca cousa, pero, aínda que traballaba menos tempo que os demais, traballaba tamén cando eles estaban de vacacións, de modo que esa pouca cousa era como un gato que pasa toda a vida cun tapón de cortiza atado á punta do rabo, cando sen dúbida preferiría levar atada unha cazola un mes.

As auténticas vacacións achegábanse e a min preocupábame ben pouco, pois a miña rutina era a mesma. O gato seguía a mirar para o queixo de debaixo da campá. Pero chegou a

Raymond Radiguet

guerra. E escachou a campá. O dono atopou outros gatos aos que xostregar, e o gato alegrouse.

En realidade, en Francia todo o mundo se alegraba. Os nenos amoreábanse ante os carteis cos libros de premios baixo o brazo. Os malos alumnos aproveitábanse da confusión que reinaba nas súas casas.

Cada día, despois da cea, iamos á estación de J..., a dous quilómetros da casa, para ver pasar os trens militares. Levabamos campánulas e lanzabámoslles aos soldados. Señoritas de bata botaban viño tinto en bidóns e espaxaban litros del pola plataforma cuberta de flores. Todo o cadro déixame un recordo como de fogos de artificio. Nunca tanto viño se malgastou, tantas flores mortas houbo. Houbo que engalanar as fiestras da casa con bandeiras.

Pronto deixamos de ir a J... meus irmáns e irmás empe-zaban a fartarse da guerra; facíaselles longa. Impedíalles ir á praia. Afeitos a se erguer tarde como estaban, tiñan que comprar os xornais ás seis da mañá. Unha distracción ben cativa. Pero cara ao vinte de agosto, os pequenos monstros recuperaron a esperanza. No canto de levantarse da mesa onde os maiores prolongaban a sobremesa, ficaron para oír a noso pai falar de mudármonos. Seguramente xa non habería medios de transporte. Habería que viaxar moi lonxe en bicicleta. Meus irmáns metíanse coa miña irmá pequena. As rodas da súa bicicleta tiñan apenas corenta centímetros de diámetro: «Vas quedar soa polo camiño». Miña irmá choromicaba. Con que entusiasmo lustraron as bicicletas! Fóiselles toda a preguiza de vez. Propuxeron reparar a miña. Erguíanse ao amencer para saber as noticias. Mentres os demais se sorprendían, eu

O demo no corpo

acabei por descubrir o motivo de tanto patriotismo: unha viaxe en bicicleta! Até a praia! E unha praia máis afastada, máis bonita do habitual. Prenderíanlle lume a París con tal de marcharmos antes. O que aterrorizaba toda Europa convertérase na súa única esperanza.

É tan distinto o egoísmo dos nenos do noso? No verán, cando imos ao campo, tamén maldicimos a chuvia que os agricultores reclaman.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O II DE NOVEMBRO DE 2016

